- O outro pilar será a multidisciplinabilidade, entendida como a introdución e uso nas clases de materiais procedentes de ámbitos externos ao mundo das ciencias sociais, cos que o alumnado terá que interactuar e traballar (textos literarios, prensa, materiais artísticos, etc.)

- Considerando o anterior, o desenvolvemento da materia basearase na práctica. A través de actividades interactivas, individuais e colectivas traballarase a capacidade de realizar tarefas, buscar información e resolver problemas facendo uso do aprendido e adquirido, respectando os distintos ritmos de aprendizaxe e atendendo á diversidade. Utilizarase a clase expositiva para os contidos conceptuais complexos, así como para establecer pautas para as actividades.

- Aplicaranse metodoloxías específicas adaptadas para o alumnado con necesidades educativas.

- As tarefas poderán desenvolverse de xeito individual, en pequeno grupo ou gran grupo, segundo a dinámica da

clase. Sempre que sexa posible poñeranse en común os aspectos traballados e fomentárase a aprendizaxe entre iguais.

- Para alcanzar o arriba exposto empregaranse actividades de distinto tipo: iniciais ou de exploración de ideas, de reestruturación de coñecementos, de consolidación, de creación de contidos, de síntese, de reforzo e ampliación, de avaliación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto (editorial Vicens Vives)
Apuntamentos e fichas do docente
Presentacións virtuais do docente
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Aula Virtual do Centro
Materiais audiovisuais (vídeos, documentais, películas)
Lecturas recomendadas (novelas históricas, novelas gráficas, cómics, prensa)

Os alumnos disporán na clase de libros de texto de seu, que ademais de ser a referencia para os contidos a traballar recolle actividades a desenvolver.

Empregarase outro material complementario para as clases, desde presentacións dixitais elaboradas polo docente, ata vídeos ou documentais, mapas, imaxes e fichas prácticas que se entregarán ao alumnado para traballar na clase ou na fóra da aula.

O alumnado deberá dispor dun caderno de traballo individual no que desenvolverán as actividades ao longo do curso, e que periodicamente será revisado polo docente da materia. Será unha mostra máis do traballo do alumno e do seu progreso.

A Aula Virtual utilizarase ben como plataforma de entrega de traballos, ben como ferramenta para repasar e realizar actividades interactivas, visionar materiais para ampliar coñecementos, e mesmo realizar actividades avaliáveis. Isto dependerá do acceso do alumnado a internet e ás tecnoloxías, intentando evitar sempre aumentar a fenda dixital. A Aula Virtual tamén se empregará como medio de comunicación co alumnado.

As novelas históricas ou outro material literario poderán utilizarse para ler na clase (a súa totalidade ou algún fragmento), ou ben como lectura recomendada ou voluntaria. Asemade, poderanse utilizar noticias de prensa sempre que fagan referencia aos contidos a impartir, que axudarán a ligar a materia co presente e co contexto máis próximo aos alumnos.

En relación ca organización dos materiais curriculares para o alumnado teranse en conta algúns criterios como: que sexa posible o uso compartido de ser necesario, que non sexan discriminatorios, que sexan seguros e aptos para a súa idade, que non sexan prexudiciais para o medio ambiente, que se axusten ao nivel socioeconómico das familias (de ser necesarios mercar algo), que non contribúan a agrandar a fenda dixital.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao principio do curso escolar realizarase unha proba sinxela, que non será tida en conta nas cualificacións, co obxectivo de avaliar o grao de desenvolvemento das competencias clave dos estudantes. Tratarase dunha proba escrita, que poderá complementarse coa observación directa do desempeño oral do alumnado.

A través de cuestionarios tipo trivial ou outro tipo de actividades baseadas na ludificación, poderase repetir o proceso ao inicio de cada unidade, servindo ao tempo de warmer ou actividade de quecemento.

O obxectivo secundario da avaliación inicial será a detección de ideas preconcebidas ou estereotipos sobre a materia, especialmente na parte de Historia.

Poderanse incluír tamén preguntas sobre preferencias metodolóxicas ou sobre as fontes do coñecemento xeográfico e histórico previo do alumnado (medios de comunicación, cine, redes sociais, etc.).

A observación directa achegaranos información sobre a forma de aprender de cada alumno e alumna, así como o grao de integración da aula como grupo.

A avaliación inicial permitirá asemade avaliar os diferentes graos de desenvolvemento académico dentro do grupo e valorar tanto a atención á diversidade como as escollos metodolóxicas e didácticas máis axeitadas para abordar o curso, ou o bloque de contidos a avaliar.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	2	9	9	10	6	8	7	6	10	10
Proba escrita	0	70	70	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	100	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	7	6	100
Proba escrita	70	70	70	69
Táboa de indicadores	30	30	30	31

Criterios de cualificación:

Xeografía e Historia divídese en tres trimestres, en cada un dos cales o alumno recibirá unha cualificación sobre 10, que será a suma dos diversos instrumentos de avaliación, expresada na seguinte fórmula:
 $media\ das\ probas\ escritas \times 0.7 + tarefas \times 0.3 = cualificación\ final$

Realizaranse probas escritas acordadas con antelación suficiente entre profesorado e alumnado. Serán dúas por avaliación. A estrutura de estas poderá incluír cuestións teóricas e prácticas. Os exercicios prácticos constarán de

mapas para localizar, identificar; comentarios de feitos históricos; gráficos. As cuestións teóricas serán variadas e incluírán preguntas de definir, de relacionar, de razoar e deducir, de explicar, de sintetizar e esquematizar.

Puntuaranse nunha escala de 1 a 10. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuírá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósters; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar.

Haberá exercicios diarios tanto orais como escritos. O profesorado revisará periodicamente os cadernos de clase e comprobará o seu contidos: explicacións, exercicios, resumos, traballos. Valorará a boa presentación, que estean ao día e completos, a ausencia de erros ou a corrección dos mesmos. Haberá un traballo por avaliación, entendendo como tal todas aquelas actividades que implican busca de información, planificación, organización e presentación. Estes traballos poderán ser realizados en diferentes soportes (papel, soporte dixital, multimedia). Valorarase a exposición oral na clase con apoio dunha presentación multimedia.

As lecturas son voluntarias e como tal so poden ser avaliadas ao final do proceso. Serán un mínimo de unha e un máximo de tres (neste caso unha por avaliación).

Tanto nas probas escritas como no caderno de clase valorarase a presentación, a expresión e a corrección ortográfica.

Tamén se terán en conta as intervencións ante o conxunto da clase o en grupo.

Outros aspectos a considerar serán a observación da actitude cotiá dos alumnos, o grao de interese e participación nas tarefas escolares, a atención ao profesor, a puntualidade, o comportamento. Estes aspectos teñen unha avaliación continuada, valorando ou penalizando a súa evolución durante o curso. A plantilla de observación do profesor debe recoller en cada avaliación algún elemento avaliable sobre intervención do alumno/a na clase, grao de interese, participación

Unha vez calculada a nota da avaliación, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior ou igual a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

$$\text{Nota final} = (\text{Nota 1ª aval.} \times 0.3) + (\text{Nota 2ª aval.} \times 0.37) + (\text{Nota 3ª aval.} \times 0.33)$$

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba de avaliación final antes de que remate o curso dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nun exame final no que se examinarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

Criterios de recuperación:

Aqueles alumnos/as que teñan unha avaliación negativa deberán facer probas de recuperación para cada avaliación. Estas constarán de:

- a) Recuperación das probas escritas.
- b) Realización dos traballos e actividades que non foron feitas ou estaban avaliadas negativamente.

Levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na elaboración dunhas fichas de reforzo con diferentes propostas de tarefas sobre os temas traballados nas unidades da avaliación, xunto coa preparación dunha serie de preguntas exame sobre ditos contidos. O docente titorizará este traballo para resolver dúbidas ou/e corrigir aqueles aspectos que sexan precisos.

A proba escrita de recuperación por trimestre cualificarase nunha escala de 1 a 10. En relación á parte práctica, esta deberá ser entregado no prazo indicado e será puntuado seguindo as rúbricas.

A nota da recuperación será o resultado da proba escrita + actividades e traballo:

$\text{nota do exame} \times 0.7 + \text{media das rúbricas} \times 0.3$

Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza cando o decimal é superior ou igual a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerarase aprobada cando se obtén 5 ou máis.

No caso do alumnado que non se recupere a avaliación, o alumnado terá a posibilidade de recuperar os contidos nunha proba final a realizar nos últimos días do curso. Esta proba consistirá na realización dun exame escrito puntuado nunha escala de 1 a 10 e sobre as preguntas mandadas realizar polo/a profesor/a no inicio do plan de recuperación, non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, si debe entregalo de novo. Aqueles alumnos/as que non acaden os 5 puntos terán a materia suspensa e pendente para o seguinte curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O plan de recuperación para o alumnado con materias pendentes consistirá na realización dun caderno de actividades nas que se traballan as competencias básicas. Ademais disto vai ter que realizar exames escritos sobre as preguntas que se lle proporcionaron xunto coas actividades.

Os contidos serán de mínimos e sempre tendo en conta o abordado no curso anterior. O alumno/a será titorizado regularmente, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

A entrega das actividades e a realización do exame será por trimestre.

En virtude de todo isto a cualificación suporá:

70% da nota acadada no exame escrito sobre as preguntas que se lle entregaron e que previamente tivo que preparar.

30% da nota acadada polo traballo realizado cuxa cualificación está determinada polas rúbricas específicas, resultando a media de todas elas.

Polo tanto a nota é o resultado de:

$\text{nota do exame} \times 0.7 + \text{nota das actividades} \times 0.3$

No caso de que o/a alumno/a non aprobase o exame realizaráselle, cando se indicase, unha recuperación consistente nunha proba escrita en base ás preguntas preparadas e puntuada nunha escala de 1 a 10 non tendo que presentar as actividades se xa foron valoradas positivamente, en caso contrario debe facelas e entregalas.

Para a nota final de curso sería o resultado de:

$\text{Nota final de curso: (Nota 1ª Av. + Nota 2ª Av. + Nota 3ª Av.)} / 3.$

Realizarase unha proba final no caso de non ter aprobadas as dúas anteriores. Esta proba será de todo ou só dunha parte

No tocante á atención á diversidade, segundo o artigo 51º da Orde do 8 setembro 2021, establécese un plan de reforzo que será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte dos estudantes receptores.

6. Medidas de atención á diversidade

A avaliación inicial daranos un senso xeral do grupo e de cada alumno, mais cómpre lembrar que calquera alumno ou alumna pode presentar nalgún momento unha necesidade de aprendizaxe puntual. A aproximación metodolóxica desta programación implica o respecto aos distintos ritmos de aprendizaxe, mais tamén a flexibilidade suficiente para adaptala, tanto nas formas de presentar os contidos (distinguindo os fundamentais dos complementarios) como nas actividades e materiais (diversificándoos ou adaptándoos). Propóñese actividades de reforzo e ampliación, segundo as necesidades do grupo e de cada alumno. Prestarase atención a que o uso das TIC non prexudique a alumnos afectados pola fenda dixital.

No caso de alumnado con TDAH ou de alumnos con ritmos de realización de probas escritas diferentes, farase unha adaptación do tempo nos exames a través de medidas ordinarias. Por último, tendo en conta o carácter visual da materia, prestarase atención especial a aqueles alumnos que presenten necesidades de tipo sensorial, visuais ou hipoacusia, así como aqueles outros casos que presenten déficit motor.

Atendendo aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe propoñemos actividades de reforzo que permitan facilitar o seguimento da materia. Prestarase especial atención a evitar que sobrecarguen ao alumnado e a que non se creen aulas paralelas nin se encadre un estudante concreto nese marco, senón que deben ser de utilidade en múltiples e posibles situacións para alumnado variado.

Ao alumnado de altas capacidades ou simplemente ao alumnado que o desexe, proporcionaráselle actividades de ampliación (opcionais neste segundo caso,) que permitan continuar a construción do coñecemento.

Formularanse medidas de reforzo dacordo coas necesidades concretas do alumnado, en función das cales se adaptarán a metodoloxía, os materiais e os tempos. O material a empregar pode ser unha adaptación do libro de texto seleccionando contidos e tarefas ou un caderno de traballo cos contidos adaptados elaborado polo docente co asesoramento do Departamento de Orientación.

MEDIDAS ORDINARIA MÁIS COMÚNS

Para os alumnos con TDAH:

- O alumno/a debe de estar sentado cerca da mesa do profesor/a.
- Asegurarnos en cada momento que o alumno/a entendeu a tarefa.
- Permitir máis tempo para realizar os exames.
- Os exames escritos completalos con exames orais, cando se observa que están incompletos, e sempre que sexa doado
- Cada enunciado só terá unha pregunta.
- Valorar o contido das respostas e non a ortografía ou composición do texto.
- Evitar que o alumno/a teña máis dun exame por día.
- Dar a coñecer a data das probas de avaliación con tempo de antelación.
- Controlar o tempo do exame, cada 10 ÷ 15 minutos, o que axudará a que xestionen e organicen mellor os tempos en cada actividade.
- Supervisar que o alumno/a revise o exame antes de entregalo.

Para os alumnos con dislexia:

- Apuntamentos máis sinxelos.
- Libros menos extensos adecuados ao seu nivel de lectores.
- Posibilidade de avaliar a través de traballos previamente estruturados ou mediante resumos de capítulos.

- Aumentar o tamaño da letra e o interliñado nos exames.
- Se os exames conteñen textos fragmentalos en pequenas partes.
- Intercalar preguntas de comprensión, cuestións curtas, de enumerar, opcionais...
- Presentar as preguntas do exame por escrito (non ditar). Nas probas escritas asegurarnos de que comprende o enunciado de todas as preguntas. Despois de 5 ou 10 minutos de empezar o exame, é aconsellable preguntarlle se ten algunha dúbida e animarlle a preguntarnos se non entende ao longo do exame.
- Na medida do posible evitar preguntas de resposta aberta.
- Aclaracións sobre o exame antes do seu comezo.
- Permitir que o alumno/a responda na súa lingua materna ou que presente interferencias entre o castelán e o galego e non penalizalo por elo.
- Evitar a corrección sistemática de todos os erros, faltas de ortografía, na súa escritura.
- Evitar que o alumno/a teña máis dun exame por día.
- Dar a coñecer a data das probas de avaliación con tempo de antelación
- Ofrecer alternativas complementarias de avaliación ao exame escrito: exame oral, exame tipo test...
- Avaliar as tarefas, probas, traballos ou exames en función do seu contido. As faltas de ortografía non deben influír na avaliación dos mesmos.
- Uso de ordenador de ser posible

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Medidas que requiren modificacións significativas do currículo ordinario e cambios esenciais no ámbito organizativo, así como nos elementos de acceso ao currículo.

- Alumnado con dificultades a nivel motórico e con mobilidade reducida: Presentan unha necesidade educativa permanente e para dar unha resposta correcta é necesario introducir axudas pedagóxicas de carácter persoal, material e técnico co obxectivo de acceder á súa aprendizaxe, coñecendo o seu entorno e as experiencias que poden levarse nel. A resposta educativa do centro é ofrecerlle as adaptacións que se deben realizar para así proporcionar a atención máis apropiada ás necesidades que precisen:
- Adaptación nos elementos de acceso persoais (profesoras especialistas de PT e AL apoiando na aula ordinaria e apoios individualizados nalgunha materia do currículo coordinándose co profesorado das mesmas) recursos e materiais necesarios, como o uso do ordenador táctil en todas as materias, Ipad, mesas con escotadura.
- Adaptación nos elementos básicos do currículo referidos ás modificacións de obxectivos, contidos, estratexias de ensino-aprendizaxe e avaliacións: realización de Adaptacións Curriculares naquelas materias que o precisen.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social				X		X	X	X
ET.2 - Educación ambiental		X	X	X	X	X		
ET.3 - Educación para a igualdade			X				X	X
ET.4 - Emprendemento				X		X		
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible		X	X	X	X	X		
ET.7 - Educación para a paz							X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - Educación para o consumidor			X	X		X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación ambiental					
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento					
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible					
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor					

Observacións:

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse ao longo da materia. Farase especial énfase na comprensión lectora e a expresión oral e escrita, pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

O fomento da lectura permitirá incidir na vertente comprensiva, na capacidade de analizar e extraer información, de xerarquizarla e relacionala segundo o aspecto que se queira salientar, de argumentar opinións e de saber matizalas considerando as visións alleas.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente. É conveniente integrar de forma transversal nas diferentes áreas de coñecemento a análise de mensaxes ou contidos ofrecidos a través dos medios de comunicación e as redes sociais.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Outro aspecto transversal a considerar será o da educación en valores, para que o alumnado se integre nunha sociedade tolerante, solidaria, responsable e dialogante. A Educación cívica e constitucional contribúe a desenvolver este novo reto educativo propiciando a adquisición de habilidades e virtudes cívicas para exercer a cidadanía democrática, desenvolvendo o coñecemento das nosas institucións e do noso ordenamento xurídico básico e favorecendo a convivencia en sociedade. Para isto, propóñense actividades que favorecen a convivencia, a participación, o coñecemento da diversidade e das situacións de discriminación e inxustiza, que deben permitir consolidar as virtudes cívicas necesarias para unha sociedade democrática.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	Posibilidade de visitas as exposicións temporais de arte contemporánea nas galerías de Compostela, no Gaias e nas diferentes fundacións da cidade (por determinar).			
Excursións de interese didáctico	Posible visita a algún vestixio de patrimonio da contorna (dolmen ou castro, por determinar)			
Roteiros didácticos	Xiro dos Montes, facer algunha etapa da nova ruta circular que une os 8 montes urbanos de Compostela, relacionado coa paisaxe e a nosa intervención nela			
Proxección de cine	Actividade de fin de trimestre, de temática asociada aos contidos. Poderá ser no instituto ou nunha sala de cine.			
Outras	Todas aquelas outras actividades de interese didáctico que se programan cada curso por parte de diferentes institucións que contan cun programa educativo: Concello, Deputación, Caixas de Aforro, Auditorio, Museos, etc			

Observacións:

As actividades complementarias desempeñan un papel moi importante na formación integral, pois permítenlle ao alumnado:

- Entrar en contacto directo coa temática obxecto de estudo e observar a súa aplicación real.
- Observar a realidade do mundo como fonte de coñecemento.
- Saír do seu medio habitual.
- Aproveitar as saídas para practicar a convivencia e desenvolver a sociabilidade.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

- Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.
- Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.
- Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Demostra coñecemento da materia
Planifica leccións, ensina e avalía

Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Crea ambiente de aprendizaxe
Emprega variedade de recursos
Motiva ao alumnado
Ofrece oportunidades de recuperación
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
Resolve dúbidas
É innovador/a
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Revisa a realización das tarefas propostas
Valora o esforzo
Sabe dirixir as clases
Cumpriu co horario de clase
Valoración xeral da materia
Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado
As actividades foron variadas e motivadoras
A temporalización foi adecuada
Realizouse a avaliación inicial
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Os criterios de cualificación foron axustados

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entornó a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Establecemos a seguinte rúbrica para axudar a levar a cabo os obxectivos marcados:

Escala de valoración

1. Idoneamente
2. Suficiente
3. Con dificultade

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

As sesións de avaliación permitirán valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Os compoñentes do Departamento de Xeografía e Historia habilitarán as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas para corrixir calquera carencia ou dificultade atopada durante o curso. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solucionar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo. Promoverase a autoavaliación da realización das programacións didácticas. Para levar a cabo esta reflexión empregaremos diferentes ferramentas e rúbricas

Poderá facerse un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizaríase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

MEDIDAS ORDINARIAS MÁIS COMÚNS:

Para os alumnos con TDAH:

- O alumno/a debe de estar sentado cerca da mesa do profesor/a.
- Asegurarnos en cada momento que o alumno/a entendeu a tarefa.
- Permitir máis tempo para realizar os exames.
- Os exames escritos completalos con exames orais, cando se observa que están incompletos, e sempre que sexa doado
- Cada enunciado só terá unha pregunta.
- Valorar o contido das respostas e non a ortografía ou composición do texto.
- Evitar que o alumno/a teña máis dun exame por día.
- Dar a coñecer a data das probas de avaliación con tempo de antelación.
- Controlar o tempo do exame, cada 10 ¿ 15 minutos, o que axudará a que xestionen e

organicen mellor os tempos en cada actividade.

- Supervisar que o alumno/a revise o exame antes de entregalo.

Para os alumnos con dislexia:

- Apuntamentos máis sinxelos.

- Libros menos extensos adecuados ao seu nivel de lectores.

Posibilidade de avaliar a través de traballos previamente estruturados ou mediante resumos de capítulos.

- Aumentar o tamaño da letra e o interliñado nos exames.

- Se os exames conteñen textos fragmentalos en pequenas partes.

- Intercalar preguntas de comprensión, cuestións curtas, de enumerar, opcionais...

- Presentar as preguntas do exame por escrito (non ditar). Nas probas escritas asegurarnos de que comprendeu o enunciado de todas as preguntas. Despois de 5 ou 10 minutos de empezar o exame, é aconsellable preguntarlle se ten algunha dúbida e animarlle a preguntarnos se non entende ao longo do exame.

- Na medida do posible evitar preguntas de resposta aberta.

- Aclaracións sobre o exame antes do seu comezo.

- Permitir que o alumno/a responda na súa lingua materna ou que presente interferencias entre o castelán e o galego e non penalizalo por elo.

- Evitar a corrección sistemática de todos os erros, faltas de ortografía, na súa escritura.

- Evitar que o alumno/a teña máis dun exame por día.

- Dar a coñecer a data das probas de avaliación con tempo de antelación

- Ofrecer alternativas complementarias de avaliación ao exame escrito: exame oral, exame tipo test...

- Avaliar as tarefas, probas, traballos ou exames en función do seu contido. As faltas de ortografía non deben influír na avaliación dos mesmos.

- Uso de ordenador de ser posible.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Medidas que requiren modificacións significativas do currículo ordinario e cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, nos elementos de acceso ao currículo.

- Alumnado con dificultades a nivel motórico e con mobilidade reducida: Presentan unha necesidade educativa permanente e para dar unha resposta correcta é necesario introducir axudas pedagóxicas de carácter persoal, material e técnico co obxectivo de acceder á súa aprendizaxe, coñecendo o seu entorno e as experiencias que poden levarse nel. A resposta educativa do centro é ofrecerlle as adaptacións que se deben realizar para así proporcionar a atención máis apropiada ás necesidades que precisen:

- Adaptación nos elementos de acceso persoais (profesoras especialistas de PT e AL apoiando na aula ordinaria e apoios individualizados nalgunha materia do currículo coordinándose co profesorado das mesmas) recursos e materiais necesarios, como o uso do ordenador táctil en todas as materias, IPad, mesas con escotadura.

- Adaptación nos elementos básicos do currículo referidos ás modificacións de obxectivos, contidos, estratexias de ensino-aprendizaxe e avaliacións: realización de Adaptacións Curriculares naquelas materias que o precisen.

9. Outros apartados